



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 13 de febreiro de 2026, ditou con a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE SITO NO SAUR-3 “A RAMALLOSA” Á SAREB. EXPED. 2026/G003/000197

EXPEDIENTE: 2025/C009/000002

Visto o expediente de contratación incoado a instancia desta Alcaldía, mediante Resolución do 1 de xullo de 2025 (res. 819/2025), para a adquisición do ben inmoble sito no SAUR-3 “A Ramallosa”, que se detalla a continuación:

Dirección: LUGAR RAMALLOSA, LUCI

Superficie: 4.515,73 m².

Lindeiros: Norte, con zona URTA de planeamento urbanístico en 45 mts; Sur, con rúa S-T en 38 mts e con aparcamento en 16 MTS; Leste con zona URTA en 66 mts e Oeste, con rúa T-G en 198 mts. Aproximadamente.

Descrición: Parcela de reemplazo número vinte e sete – EC/pv, do SAUR S-3 A Ramallosa, municipio de Teo, de catro mil cincocentos quince con setenta e tres metros cadrados de superficie e de forma rectangular en “L”. As condicións de edificación é a de Equipamento Comercial de planta baixa máis unha planta. Ten un teito edificable de catro mil oitocentos metros cadrados

Referencia catastral: 6982812NH3368S0001LR

Inscripción no Rexistro da propiedade de Padrón: Tomo: 907, Libro: 342, Folio: 148, Inscripción 6^a, Data: 3 de Maio de 2017.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Aprobado o expediente de contratación, mediante Resolución desta Alcaldía do 12 de agosto de 2025 (res nº 983/2025), ese mesmo día remitiuse a invitación á sociedade propietaria da parcela que se pretende adquirir (rex. saída nº 202500000001896), sendo recibida por esta o 14 de agosto de 2025.

Visto que a proposición e documentación complementaria aportada pola sociedade propietaria do inmovible, o 13, 28 e 29 de xaneiro de 2026 (rex. entrada nº 202699900000137, nº 202699900000297 e nº 202699900000319), se axusta ao previsto no Prego de condicións do 7 de agosto de 2025, aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 12 de agosto de 2025 (nº 983/2025), e vista a restante documentación que integra o expediente.

Visto o informe de intervención de fiscalización fase D Aquisición inmovible SAREB, do 4 de febreiro de 2026, favorable á adquisición pretendida.

Considerando que, de acordo coa cláusula 7 do Prego de condición e segundo o informe do tesoureiro acctal., do 11 de febreiro de 2026, a sociedade interesada atópase ao corrente das obrigas tributaria co Concello de Teo.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Adquirir á Sociedade de Gestión de Activos procedentes da Reestructuración Bancaria S.A., con CIF ***6021**, o ben inmovible sito no SAUR-3 "A Ramallosa", cunha superficie de 4.515,73 m² e referencia catastral 6982812NH3368S0001LR, polo importe de cincuenta e seis mil euros (56.000,00 €).



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Segundo.- A parcela adquirese, de acordo co previsto na cláusula 9 do Prego de condicións, libre de cargas e gravames e ao corrente de todas as taxas, impostos e contribucións, tanto locais, estatais e/ou autonómicas.

Terceiro.- Formalizar a presente adquisición en escritura pública de conformidade co previsto na cláusula 10 do Prego de condicións.

Cuarto.- De acordo co previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e na Lei 3/2003, de 3 de novembro, o ben deberá incorporarse ao inventario municipal e inscribirse no Rexistro da Propiedade.

Quinto.- Notificar o presente aos interesados, e comunicarllo aos departamentos de Intervención e Tesourería municipais.

Sexto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz